

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN DEPORTIVA GALEGA DE ATLETISMO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA E PREPARACIÓN DO PROGRAMA RÍO 2016 (XOGOS OLÍMPICOS)**

En Santiago de Compostela, a 18 de marzo de 2014


**R E U N I D O S**

O Sr. D. José Ramón Lete Lasa, Secretario Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias descentradas nos Secretarios Xerais dependentes da Presidencia, en virtude da Disposición Adicional Segunda do Decreto 88/2013, do 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

O Sr. D. Isidoro Hornillos Baz, Presidente da Federación Galega de Atletismo, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos estatutos federativos.

**E X P O Ñ E N**

- I. Conforme ao establecido no Estatuto de Autonomía de Galicia, a Comunidade Autónoma galega asume a competencia exclusiva na materia da promoción do deporte (artigo 27.22), correspondendo á Secretaría Xeral para o Deporte as competencias de elaboración, proposta e execución da política do goberno galego en materia de deportes, conforme o establecido no *Decreto 88/2013, de 30 de maio, de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia*.
- II. A *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia* regula no seu artigo 51.1 as federación deportivas galegas, configurándose estas coma entidades privadas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia e plena capacidade de obrar, cuxo ámbito de actuación que se estende á Comunidade Autónoma.




- III. Segundo o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril, só se pode recoñecer unha federación deportiva por cada modalidade deportiva (art. 51.5), exercitando cada unha delas en réxime de exclusividade, ademais das funcións que son propias do seu ámbito privado, as funcións públicas delegadas no artigo 56.4 da norma, actuando neste caso como axentes colaboradores da Administración (art. 51.4).
- IV. Conforme o establecido na Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia que regula no seu artigo 5, 1.b) corresponde a Administración autonómica formular a política deportiva autonómica, fixando as directrices e programas de desenvolvemento do deporte galego, nos seus diferentes niveis, entre os que se atopa o deporte de alto nivel. A concreción dos beneficios, a súa extensión e os colectivos aos que se apliquen serán determinados atendendo a relevancia, repercusión social e os obxectivos deportivos da administración galega (artícuo 36.2), entre os que atopamos a presenza do deporte galego nas olimpíadas a celebrar en Río de Janeiro (Brasil), no ano 2016.
- V. Neste marco das funcións federativas, é pretensión da Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral para o Deporte, subscribir o presente convenio de colaboración coa Federación deportiva de Atletismo para a realización do programa de promoción, tecnificación e alto rendemento da súa modalidade deportiva, durante o período de preparación olímpica nos anos 2014, 2015 e 2016, concretado nas actuacións recollidas no presente documento, atribución que ostenta esta, en réxime de exclusividade, segundo o antedito artigo 56 da Lei Xeral do Deporte de Galicia.
- VI. A tal efecto, as partes subscreiben o presente convenio que se suxeitará as seguintes

## CLÁUSULAS

### Primeira.- Obxecto do Convenio.

O obxecto do presente convenio é establecer para os anos 2014, 2015 e 2016 as bases de colaboración deportiva e económica entre a Secretaría Xeral para o Deporte e a Federación Galega de Atletismo, ao fin da realización por esta das actuacións, funcións e cometidos que, conforme á *Lei 3/2012, de 2 de abril, do deporte de Galicia*, asume en réxime de exclusividade segundo se indica no artigo 56 e concordantes da norma e prestando especial atención ao obxectivo deportivo que dende a administración galega, pretendese garantir coa presenza do deporte galego nos Xogos Olímpicos de Río de Janeiro (Brasil) no ano 2016.



Esta colaboración circunscribese á actividade federativa que garante o desenvolvemento da modalidade e especialidades deportivas propias da Federación, en todos os seus niveis, colaborando así no desenvolvemento do sistema deportivo galego, tal e como queda reflectido, en termos de actividade e económicos, no Anexo I do presente convenio, parte integrante, xunto o resto dos Anexos, do mesmo.

En todo caso, e non obstante esta concreción, sempre que o interese deportivo así o aconselle, poderá procederse, previa solicitude motivada da Federación e autorización expresa e por escrito da Secretaría Xeral para o Deporte, á modificación dos termos do referido Anexo, modificación esta que, en ningún caso, poderá supor incremento algúun da contía total establecida no presente convenio.

### **Segunda.- Financiamento e importe da axuda**

Co fin de cumplimentar o establecido na cláusula primeira, a Secretaría Xeral para o Deporte concede á Federación Galega de Atletismo unha subvención por un importe total de cincocentos once mil novecentos oitenta e seis euros, (511.986,00€), imputables á aplicación orzamentaria es anualidades que de seguido se identifican:

04.40.441A.481.0.  
Anualidade 2014 170.662,00€  
Anualidade 2015 170.662,00€  
Anualidade 2016 170.662,00€

Total: 511.986,00€

O importe total destinarase ás distintas liñas de actuación que se recollen e identifican no anexo I do presente convenio. A contía correspondente ao programa "Gastos Xerais", non poderá ser superior ao vintecinco por cen (25%) do total da subvención concedida.

### **Terceira.- Concorrencia con outras axudas.**

A presente subvención é compatible con outras subvencións e axudas, públicas ou privadas, que poida acadar a Federación para a realización das




actuacións obxecto do presente convenio e que se reflicten no seu Anexo I, sempre que a suma de tódalas subvencións e axudas non superen os gastos asumidos pola Federación con motivo de ditas actuacións obxecto da presente subvención.

A estos efectos, a Federación aportará, no momento da firma do presente convenio e das xustificación dos pagos contemplados na cláusula 6ª, declaracóns responsables das outras axudas solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade (Anexo II)

#### Cuarta.-Obrigas da Federación

4.1. Xunto ás demais establecidas no presente convenio, son obligas da Federación o cumprimento dos termos do mesmo así como da normativa reguladora de subvencións, particularmente o establecido no artigo 11 da Lei 9/2007 do 13 de xuño, de Subvencións de Galicia -e artigos correspondentes do decreto 11/2009, do 08 de xaneiro;- en concreto:

- a. Executar a actividade que se acompaña como Anexo I.
- b. Someterse ás actuacións de comprobación a efectuar pola Secretaría Xeral para o Deporte. Así mesmo, e de acordo co previsto na Lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a Federación queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia e, no seu caso, e segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuizamento contable que poida incoar o Tribunal de Cuentas, e a calquera outro órgano de control nacional ou europeo.
- c. Conservar os documentos xustificativos da aplicación dos fondos recibidos, incluídos os documentos electrónicos, ó efecto das actuacións de comprobación e control.
- d. Comunicarlle ao órgano concedente a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as actividades subvencionadas polo presente convenio. Dita comunicación efectuarase conforme aos termos establecidos na cláusula cuarta
- e. Acreditar acharse ao corrente do cumprimento das obligas tributarias e fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración Pública da Comunidade Autónoma, mediante declaración responsable a aportar no momento de suscripción do presente convenio, e elo conforme ao establecido no Anexo III.
- f. Dispoñer dos libros e rexistros debidamente dilixenciados que establece o Art. 55 da Lei 3/2012 de 2 de abril, do Deporte de Galicia.





- g. Incluir a identidade corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte en tódalas comunicacións, presenzas publicitarias e medios de comunicación da Federación, así coma nos que esta estea presente, incluíndo internet, así como nas fichas deportivas, pancartas, lugares de competicións oficiais e demais eventos da súa modalidade deportiva, etc. Asemade o vestiario deportivo oficial das seleccións galegas deberá conter as cores representativas de Galicia, debendo aterse ao manual corporativo que facilitará a Secretaría Xeral para o Deporte.
- h. Nos campionatos de España nas categorías en idade escolar organizados polo Consejo Superior de Deportes así como nos eventos deportivos de carácter nacional e internacional, os deportistas integrantes das seleccións autonómicas deberán utilizar as equipacións (de xogo e/ou paseo) atendendo ao manual corporativo da Secretaría Xeral para o Deporte.
- i. Quedará obrigada a facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino das subvencións

#### 4.2. Xunto ás anteriores obrigas, a Federación Galega de Atletismo:

- a. Responderá da veracidade da documentación aportada con motivo do presente convenio, debendo presentar, a estes efectos unha certificación do Secretario co visto bo do Presidente da Federación, segundo modelo que se xunta como Anexo IV.
- b. Presentará, antes do 30 de xullo de cada ano de vixencia do convenio, á Secretaría Xeral para o Deporte, segundo o disposto na resolución do 23 de maio de 2011, da Secretaría Xeral para o Deporte, pola que se regulan determinados aspectos da contabilidade das asociacións deportivas, as contas anuais así como memoria descriptiva das actividades realizadas no exercicio económico inmediatamente anterior, así como o informe de auditoría de resultar obrigada conforme o plan de Auditorías aprobado ao comezo do exercicio pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- c. Acreditará, no momento da firma do presente convenio e mediante certificación do Secretario co visto bo do Presidente da Federación, a vixencia das normas de bo governo federativas, subscritas con motivo da resolución do 8 de setembro de 2009 da Secretaría Xeral para o Deporte ou normativa que o substitúa, pola que se ditan as Normas de bo governo das federacións deportivas de Galicia.
- d. Comunicará á Secretaría Xeral para o Deporte a intención de solicitar calquera evento de carácter nacional ou internacional, así como, con a lo menos dúas semanas de antelación, as datas e sedes de celebración dos Campionatos Galegos e outros eventos de relevancia incluíndo os actos públicos e de comunicación relativos á presentación dos mesmos, garantindo a presenza institucional da Secretaría Xeral para o Deporte

nestes eventos, consonte a súa condición de órgano superior da Administración da Comunidade Autónoma no ámbito deportivo.

#### **Quinta.- Pagamento.**

5.1. Conforme ao establecido no artigo 63 do decreto 11/2009, de 8 de xaneiro, o abono da presente subvención realizarase mediante os seguintes pagos por cada unha das anualidades:

- a. Un primeiro pago do cincuenta por cento (50%) da contía anual, tramitarase para 2014, no momento da sinatura do convenio. Para os seguintes anos no primeiro trimestre da anualidade correspondente.
- b. O segundo pago para cada unha das anualidades, equivalente ao tanto por cento restante da cantidade estipulada para cada ano, librarse unha vez xustificado o primeiro pago dese ano, xustificación que se deberá realizar con data límite 30 de xuño de cada ano respectivo. De non ter xustificado o primeiro pago na data sinalada, a Secretaría Xeral para o Deporte non procederá a facer efectivo o segundo, sen posibilidade de ser tramitado con posterioridade, procedéndose á apertura do correspondente expediente de reintegro polas cantidades abonadas ata o momento.


Os segundos pagos de cada anualidade, xustificaranse antes do 31 de decembro da anualidade que corresponda.

5.2. Para a realización dos correspondentes ingresos, e no momento da subscrición do convenio, a Federación aportará á Secretaría Xeral para o Deporte unha certificación da conta bancaria, na que conste o IBAN, onde se efectuarán os mesmos.

#### **Sexta.- Xustificación da subvención**

6.1. Para a xustificación da subvención, a Federación deberá aportar, unha relación clasificada da totalidade dos gastos realizados, conforme á previsión recollida no Anexo I no que figuren os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes, a explicación do gasto detallado e datas de pagamento.

Esta relación acompañarase das facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas das mesmas, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de



subvencións de Galicia. Non obstante o anterior, e de conformidade co establecido no artigo 42.3 do regulamento de subvencións de Galicia, para o caso de importes inferiores á 1.000 €, as facturas orixinais, ou fotocopias compulsadas, e as xustificacións bancarias, poderán ser substituídas polos recibín do correspondente provedor. Esta posibilidade de xustificación por recibín queda limitada, en todo caso, aos ámbitos dos arbitraxes, axudas de custo e quilometraxes, e non poderán superar en contía, conxuntamente considerada, o 15% do total da subvención concedida.

Xunto á relación clasificada e os documentos acreditativos dos gastos e pagos, a Federación acompañará certificación da aprobación das facturas e demais documentos xustificativos, emitida polo Secretario da Federación co visto e prace do Presidente. Dita certificación realizarase mediante a aportación do Anexo IV

Ademais da documentación ata o de agora sinalada, para a xustificación dos segundos pagos de cada unha das anualidades, deberá aportarse tamén:


- a. Memoria da actividade realizada, segundo modelo dispoñible na páxina web da Secretaría Xeral.
- b. Acreditación, nun apartado específico da xustificación, do cumprimento da aplicación pública da imaxe corporativa da Secretaría Xeral para o Deporte mediante a achega de documentos gráficos nos que conste a mesma.

## 6.2. Normas de aplicación á xustificación dos custos laborais.

A xustificación da subvención mediante gastos federativos consistentes en custos laborais, queda suxeita ás seguintes regras:

- a) Entenderase exclusivamente por custos laborais os consistentes nas remuneracións realizadas ós traballadores da Federación e as súas correspondentes cotizacións obligatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), sendo estes gastos ós únicos que se poderán achegar ós efectos de xustificación da presente subvención.

Non obstante o establecido no punto anterior, e para o único caso do persoal federativo ó que se fai referencia las letras b. e c. do paragrafo seguinte, poderán ser tamén presentadas como xustificación da subvención as percepcións salariais consistentes gastos de locomoción e dietas de viaxe, pluses de distancia e conceptos similares.



- b) Os custes laborais únicamente poderán imputarse como xustificación nos seguintes programas e coas seguintes limitacións:
- No ámbito do programa “Gastos xerais de funcionamento”: os correspondentes á persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.
  - No ámbito do programa “Tecnificación e Rendimento”: os custes laborais correspondentes a técnicos, adestradores e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo dos deportistas deste programa (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
  - No ámbito do programa “Grupo especial de alto rendemento”: os custes laborais do/s adestrador/es responsable/s do grupo.
- c) A xustificación dos custes laborais necesariamente deberá ir acompañada dunha certificación do secretario da Federación, co visto e prace do Presidente, na que se estableza que os traballadores cuxos custes laborais se imputan á subvención son persoal laboral federativo durante o período comprendido polo presente convenio.

6.3. Os documentos xustificativos de gastos e pagos deberán de estar datados no período comprendido entre do 1 de xaneiro ao 31 de decembro (ambas datas inclusivas) de cada unha das anualidades que comprende este convenio.


6.4. A documentación xustificativa da subvención establecida no apartado 1, deberá acompañar á restante documentación que, conforme ó presente convenio, a Federación deba aportar.

6.5. De acordo cos artigos 33 da Lei de Subvencións de Galicia e 74 e 75 do Regulamento de Subvencións de Galicia, procederá o reintegro da subvención no caso de incumprimento das obrigas establecidas neste convenio así como no caso de non presentar a xustificación no prazo establecido na cláusula 5.1 deste convenio

## Séptima .- Gastos subvencionables

No ámbito do presente convenio, terán a consideración de gastos subvencionables entre outros os que de seguido se relacionan, entendendo que esta relación é meramente enunciativa e non limitativa:

- No programa “Gastos xerais de funcionamento”:
  - As remuneracións de traballadores federativos, e as súas correspondentes cotizacións obligatorias á Seguridade Social e á Facenda Pública (I.R.P.F.), incluíndose nestes o persoal administrativo, de limpeza, mantemento, conserxería ou similar.





- b. Gastos de servizos profesionais independentes. Entre outros: servizos de limpeza/mantenemento/conserxería externos ou similar, asesoría xurídica, xestoría laboral, auditoría, protección de datos sistema contable, ou similar.
  - c. Outros: desprazamentos da directiva a asembleas, reunións e comités técnicos ou similar.
  - d. Gastos da sede federativa: alugueres (se procede), pago de impostos, gastos de comunidade, consumos de explotación (auga, enerxía), material de oficina.
  - e. Reparacións e conservación: reparacións na sede, mantenemento de equipos (servizos informáticos, fotocopiadora, Fax); seguros, mantenemento e reparacións dos vehículos federativos.
  - f. Comunicacións: páxina web, teléfono, internet, Fax, mensaxería.
  - g. Seguros da sede e de responsabilidade civil.
  - h. Gastos bancarios: Gastos póliza créditos ponte.
- b) No programa “Actividade deportiva e competitiva ordinaria”:
- a. Material deportivo para competicións (non inventariable).
  - b. Equipación seleccións (Roupa, equipaxes).
  - c. Gastos de canons federativos e inscrición a competicións.
  - d. Gastos en licenzas extraordinarias.
  - e. Gastos por desprazamentos, manutención e aloxamento de deportistas, técnicos, delegados, árbitros e representante federativo.
  - f. Gastos de organización ou colaboración en competicións: arbitraxes, ambulancias, publicidade, cartelería, trofeos, medallas, etc.
  - g. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva así como os gastos das embarcacións necesarias durante dita práctica.
- c) No programa de “Tecnificación e Rendemento – Programa Río 2016”: Os gastos xustificados neste programa farán referencia ao grupo de deportistas vinculados a tecnificación e o rendemento, comprendéndose os seguintes gastos:
- a. Persoal técnico deportivo (salarios, IRPF, Seguridade Social): Director técnico, adestradores, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
  - b. Gastos de aloxamento e manutención dos deportistas incluídos no programa: aluguer, mantenemento, consumos auga, electricidade e gas.
  - c. Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.

- d. Gastos de desprazamento e manutención das concentracións, adestramentos e competicións.
  - e. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva así como os gastos das embarcacións necesarias durante a actividade deportiva.
  - f. Seguros, mantemento e reparacións dos vehículos federativos destinados exclusivamente ao seu uso dentro deste programa.
- d) No programa “Grupo especial de alto rendemento – Programa Río 2016”: os custes salariais (salarios, IRPF, Seguridade social) do adestrador responsable do grupo.
- e) No programa “Actividade deportiva en Idade Escolar”: Gastos na actividade deportiva federada do Programa XOGADE: organización, arbitraxe, etc, para cada un dos cursos escolares que abranguen a vixencia do presente convenio.
- f) No programa “Outros proxectos de especial relevancia”: gastos derivados da planificación, organización e execución do proxecto

#### Oitava.- Gastos non subvencionables.

8.1. Sen prexuízo do establecido na lexislación vixente, e no resto do clausulado do presente convenio, non son gastos subvencionables:

- a) Os intereses debedores das contas bancarias.
- b) Xuros, recargos e sancións administrativas e penais.
- c) Os gastos de procedementos xudiciais.
- d) Os impostos indirectos cando sexan susceptibles de recuperación ou compensación.
- e) Os impostos persoais sobre a renda.
- f) Os gastos específicos das categorías de Veteranos, Master ou denominación equivalente.

8.2. Ademais dos indicados anteriormente, quedan excluídos da posibilidade de subvención con fondos procedentes da Secretaría Xeral para o Deporte, salvo motivación escrita da Federación autorizada pola Secretaría, os seguintes gastos:

- a) Material de publicidade e propaganda.
- b) Gastos de relacóns públicas.
- c) Publicacións propias (anuario, revistas, etc.).
- d) Compra de bens destinados á venda.
- e) Outros gastos sociais.




- f) Atencións persoais.
- g) Gastos en galas ou celebracións.
- h) Indemnizacións causadas pola extinción ou supresión dunha relación laboral, nos importes previstos na normativa para os expedientes de regulación de emprego por causas económicas, técnicas, organizativas ou de producción.
- i) En relación ás dietas, en ningún caso se poderán orzamentar gastos contra esta subconta, cando xa se tiveran cuberto os gastos de aloxamento e alimentación.
- j) Axudas ou compensacións a todas aquelas persoas sancionadas en firme en materia de dopaxe.
- k) Os billetes emitidos e non utilizados.
- l) Gastos extras de hotel. Teñen esta consideración os gastos de bar, mini bar, televisión e calquera outro que non se inclúa expresamente. Non serán considerados gastos extras de hotel os suplementos das salas de reunións, alimentación ou de lavandería, sempre e cando se facturen a nome da Federación.
- m) Imposto sobre sociedades.
- n) Diñeiro en metálico a conta.

#### **Novena.- Comisión de seguimento e interpretación**

Para o seguimento do grao de execución do presente convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar, créase unha Comisión integrada polos seguintes representantes:

- Dous representantes designados pola Secretaría Xeral para o Deporte.
- Dous representantes da Federación Galega.

As discrepancias que, elevadas para súa resolución, non sexan resoltas a satisfacción da parte que a formule, serán sometidas ao coñecemento da xurisdición contencioso-administrativa. Non obstante, as incidencias que se poidan formular en relación ca concesión, xustificación e reintegro da presente subvención deberán resolverse polo Secretario Xeral como órgano competente para a concesión da subvención, de acordo co artigo 7 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia e a disposición adicional 2<sup>a</sup> do Decreto 88/2013 de 30 de maio de estrutura orgánica dos órganos superiores dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.



## Décima.- Vixencia do convenio e causas de resolución .

A vixencia do presente convenio estenderase dende o día seguinte o da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2016, salvo denuncia expresa de calquera das partes. Non obstante esta vixencia, enténdense amparados polo presente convenio todos os gastos referidos dende o día 1 de xaneiro de 2014 ata o 31 de decembro do 2016.

Son causas de resolución do presente convenio:

- 1.- O incumprimento total ou parcial do seu clausulado.
- 2.- A imposibilidade de realización das actuacións descritas neste convenio por causas non imputables ás partes.
- 3.- O mutuo acordo entre as partes.


## Décimo primeira.- Supostos de reintegro.

No caso de que o beneficiario da subvención incumprise o disposto neste convenio, a Secretaría Xeral para o Deporte revogará a subvención concedida, logo da audiencia do interesado.

Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do xuro de demora correspondente nos supostos establecidos no artigo 33 da Lei de Subvencións de Galicia; As sancións en caso de incumprimento das obrigas fixadas ao beneficiario son as previstas nos artigos 59,60 e 61 da Lei de Subvencións de Galicia.

## Décimo segunda.- Publicidade e rexistro de axudas.

O beneficiario da axuda coñece e consiente a inclusión do seus datos nos rexistros aos que, en virtude da normativa de publicidade á que está sometido o convenio, deberá dárselle publicidade á esta subvención, en concreto, nos rexistros regulados polo Decreto 126/ 2006, de 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de Convenios da Xunta de Galicia e o Decreto 132/ 2006, de 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/ 2005, de 29 de decembro, de presupostos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia.



### Décimo terceira.- Natureza do convenio, réxime xurídico e xurisdición aplicable.

O presente convenio é de natureza administrativa e consecuentemente, as cuestións litixiosas que xurdan na súa aplicación, interpretación e cumprimento serán competencia da xurisdición contencioso - administrativa.

A súa normativa específica está constituída basicamente pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeneral de Subvencións e o seu Regulamento, aprobado por Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, nos seus preceptos declarados básicos, así como pola Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia e o Regulamento da mesma aprobado por Decreto 11/2009, de 8 de xaneiro.

Este convenio está suxeito ás obrigas de publicidade impostas polo artigo 11 da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de Transparencia e Boas Prácticas na Administración Pública Galega.

En proba de conformidade asínase o presente por triplicado no lugar e data arriba indicados.

O Secretario Xeral para o Deporte

José Ramón Lete Lasa

O Presidente da Federación galega de Atletismo

Isidoro Hornillos Baz

**Convenio coa Federación Galega de  
ATLETISMO**

**ANEXO I**

<b>PROGRAMAS</b>	<b>2014</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>
Gastos Xerais de Funcionamento	42.095,00€	42.095,00€	42.095,00€
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	79.568,00€	79.568,00€	79.568,00€
Programa de Tecnificación e Rendimento – <i>Programa Río 2016</i>	46.440,00€	46.440,00€	46.440,00€
Grupo Especial de Alto Rendimento – <i>Programa Río 2016</i>	0 €	0 €	0 €
Actividade deportiva en Idade Escolar	2.559,00€	2.559,00€	2.559,00€
Outros proxectos de especial relevancia	0 €	0 €	0 €
<b>TOTAL:</b>	<b>170.662,00€</b>	<b>170.662,00€</b>	<b>170.662,00€</b>



**ANEXO II**  
**DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS:**

Don/Dona _____, con DNI _____																																				
presidente/a da federación galega de _____																																				
con CIF _____																																				
<p style="text-align: center;"><b>, DECLARO baixo a miña responsabilidade que, para a mesma finalidade, en relación a outras axudas solicitadas das distintas administracións públicas competentes ou de entidades privadas, tanto aprobadas ou concedidas como as pendentes de resolución:</b></p> <p><b><u>AXUDAS SOLICITADAS:</u></b></p> <p><input type="checkbox"/> <b><i>NON se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade.</i></b></p> <p><input type="checkbox"/> <b><i>SI se solicitaron outras axudas para a mesma finalidade.</i></b></p> <table border="1"><thead><tr><th>Entidade/Institución á que se solicitou</th><th>Obxecto da axuda</th><th>Importe solicitado</th></tr></thead><tbody><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr></tbody></table> <p><b><u>AXUDAS CONCEDIDAS:</u></b></p> <p><input type="checkbox"/> <b><i>NON se recibieron outras axudas para a mesma finalidade.</i></b></p> <p><input type="checkbox"/> <b><i>SI se recibieron outras axudas para a mesma finalidade.</i></b></p> <table border="1"><thead><tr><th>Entidade/Institución concedente</th><th>Obxecto da axuda</th><th>Importe concedido</th></tr></thead><tbody><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr><tr><td> </td><td> </td><td> </td></tr></tbody></table> <p><i>E para que así conste, asino a presente declaración no lugar e data abajo indicados.</i></p> <p>En _____ a _____ de _____ de 201_____</p>	Entidade/Institución á que se solicitou	Obxecto da axuda	Importe solicitado																Entidade/Institución concedente	Obxecto da axuda	Importe concedido															
Entidade/Institución á que se solicitou	Obxecto da axuda	Importe solicitado																																		
Entidade/Institución concedente	Obxecto da axuda	Importe concedido																																		

**NOTA:** É OBRIGATORIO presentar esta Declaración para a tramitación de cada pago. No caso de que haxa outras axudas para alguma actividade deberá xuntarse ó certificado unha explicación na que conste o custe final da actividade subvencionada e todas as achegas que se recibiron, incluíndo a partida do convenio destinada á mesma.



### ANEXO III

#### DECLARACIÓN DE ESTAR Ó CORRENTE DAS OBRIGAS TRIBUTARIAS E DA SEGURIDADE SOCIAL

Don/Dona \_\_\_\_\_

presidente/a da Federación Galega de \_\_\_\_\_  
\_\_\_\_\_

#### DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

Que esta Federación está ó corrente das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ten ningún pagamento pendente coa Administración da Comunidade Autónoma.

O que asino,

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_\_\_\_



**ANEXO IV**  
**CERTIFICADO DE VERACIDADE**

Don/Dona \_\_\_\_\_

presidente/a da Federación Galega de \_\_\_\_\_

**CERTIFICA:**

Que a totalidade da documentación aportada con motivo da xustificación da subvención no ámbito do convenio de colaboración subscrito coa Secretaría Xeral para o Deporte, ano 201\_\_\_\_\_, na data de ...., é veraz.

E para que conste, expido o presente certificado,

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 201\_\_\_\_\_

*Héctor*



**ADDENDA AO CONVENIO TRIANUAL DE COLABORACIÓN ENTRE A  
SECRETARÍA XERAL PARA O DEPORTE E A FEDERACIÓN GALEGA  
DE ATLETISMO PARA A REALIZACIÓN DO PROGRAMA DE PROMOCIÓN  
E DESENVOLVEMENTO DA SÚA MODALIDADE DEPORTIVA PARA OS  
ANOS 2014, 2015 E 2016**

En Santiago de Compostela, a marzo de 2015.

**DUNHA PARTE**, o Sr. D. José Ramón Lete Lasa, secretario xeral para o Deporte da Xunta de Galicia, en uso das competencias que lle outorga o Decreto 12/2012, do 4 de xaneiro polo que se establecen os órganos superiores e de dirección dependentes da Presidencia da Xunta de Galicia.

**DOUTRA PARTE**, o Sr.D. Isidoro Hornillos Baz, presidente da Federación Galega de Atletismo, en nome e representación da mesma, en exercicio das facultades atribuídas ó efecto polos estatutos federativos.

Ambas partes recoñécense con capacidade para formalizar a presente addenda ao convenio de colaboración subscrito con data 18 de marzo de 2014 para a realización de programas de actividades para o fomento do deporte federado para o exercicio 2014 e a estos efectos,

**EXPOÑEN**

**1.-** Coa finalidade de atender a promoción e fomento do deporte federado da súa modalidade na Comunidade autónoma galega, a Secretaría Xeral para o Deporte asinou, con data 19 de marzo de 2014, un convenio de colaboración coa Federación Galega de Atletismo por importe total de cinco centos once mil novecentos oitenta e seis euros (511.986,00 €) coa seguinte distribución entre anos e por programas:

PROGRAMAS	2014	2015	2016
Gastos Xerais de Funcionamento	42.095,00€	42.095,00€	42.095,00€
Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria	79.568,00€	79.568,00€	79.568,00€
Programa de Tecnificación e Rendimento – Programa Río 2016	46.440,00€	46.440,00€	46.440,00€

<b>Grupo Especial de Alto Rendemento – Programa Río 2016</b>	<b>0 €</b>	<b>0 €</b>	<b>0 €</b>
<b>Actividade deportiva en Idade Escolar</b>	<b>2.559,00€</b>	<b>2.559,00€</b>	<b>2.559,00€</b>
<b>Outros proxectos de especial relevancia</b>	<b>0 €</b>	<b>0 €</b>	<b>0 €</b>
<b>TOTAL:</b>	<b>170.662,00€</b>	<b>170.662,00€</b>	<b>170.662,00€</b>

A cláusula novena do Convenio de Colaboración prevé a creación dunha comisión integrada por dous representantes de cada unha das partes asinantes do convenio (Secretaría Xeral para o Deporte e federación galega) coa finalidade de efectuar un seguimento do grao de execución dos programas previstos no convenio e a solución de controversias que a súa interpretación poida motivar.

Esta comisión constituíuse con data 2 de marzo de 2015 e tal e como consta na acta asinada por Dna. Laura María Mosquera Escudero, subdirectora xeral de Plans e Programas e Sebastián selas Díaz, en representación da Xunta de Galicia e D. IsidoroHornillosBaz, presidente D. Victor Arufe, director técnico, en representación da Federación Galega de Atletismo, quedou informada de que por motivos de cambios nos eventos deportivos a organizar por parte da federación galega de Atletismo durante o ano 2015 e 2016 a Secretaría Xeral para o Deporte vese obrigada a facer unha modificación do importe do convenio que supón unincremento de 3.000 € sobre o importe orixinalmente asinado por incorporación dun proyecto de especial relevancia incorporado para a anualidade de 2015.

Sen prexuízo do anteriormente exposto, a Secretaría Xeral para o Deporte, establece a necesidade de incorporar unhas modificáns no texto do convenio sen que isto altere o obxecto do convenio

A tal efecto, as partes subscriben a presente addenda que se suxeitará as seguintes

## **CLÁUSULAS**

**Primeira.-** Acórdase reestruturar o cadro de financiamento que figura no convenio como anexo I co seguinte detalle:

<b>PROGRAMAS</b>	<b>2015</b>	<b>2016</b>
<b>Gastos Xerais de Funcionamento</b>	<b>42.095,00€</b>	<b>42.095,00€</b>
<b>Actividade Deportiva e Competitiva Ordinaria</b>	<b>79.568,00€</b>	<b>79.568,00€</b>
<b>Programa de Tecnificación e Rendemento</b>	<b>41.440,00€</b>	<b>41.440,00€</b>
<b>Grupo Especial de Alto Rendemento – Programa Río 2016</b> Ana Peleteiro Brión Lorena Luaces Barril Solange Pereira da Ponte FrankCasañas JeanMarieOkutu	<b>5.000 €</b>	<b>5.000 €</b>
<b>Actividade deportiva en Idade Escolar</b>	<b>2.559,00€</b>	<b>2.559,00€</b>
<b>Outros proxectos de especial relevancia:</b> Campeonato de España carreras de montaña (2015)	<b>3.000 €</b>	<b>0 €</b>
<b>TOTAL:</b>	<b>173.662,00€</b>	<b>170.662,00€</b>

**Segunda.- Incorpóranse na cláusula número catro do convenio as seguintes obrigas da Federación:**

4.3. Con anterioridade ao primeiro dos pagos en cada anualidade da presente subvención, a Federación dará cumprimento ao establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, a través da inclusión da información na web federativa, no caso de que esta federación deportiva estea suxeita ao establecido no articulo 3 b) da devandita lei, recibindo durante o período dun ano axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros o cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros (Anexo VI)

4.4. Deberán velar pola igualdade efectiva entre mulleres e homes así como cumplir o establecido na lei 197/2007 do 11 de xullo contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

4.5. Deberán colaborar, fomentar e facilitar a participación no deporte das persoas con alguma discapacidade, tal e como se establece no artigo 51 da lei 3/2012 do Deporte de Galicia.

**Terceira.- Incorpórarse na cláusula quinta do convenio o seguinte apartado:**

5.1 c) Tendo en conta a modificación existente no importe total da subvención do ano 2015, o axuste da contía a percibir por parte da federación neste ano farase no segundo dos pagos, de forma que se aboará a diferenza entre o cobrado no primeiro anticipo e a nova contía total da subvención que figura no novo Anexo I para o ano 2015.

**Cuarta.- Incorpórarse na cláusula sexta do convenio, xustificación da subvención, as seguintes alíneas:**

6.6. No caso de asinar a Federación un convenio de colaboración con algún club deportivo para que desenvolva ou organice actividades deportivas ou competitivas, deberá achegarse dito convenio así como a relación de facturas xustificativas (ou certificación de gastos por parte da entidade), abonadas polo club, con xustificación bancaria de que os pagamentos estean realizados cos requisitos esixidos no artigo 42.2 do regulamento de subvencións de Galicia.

6.7. No caso de facturas que superen o importe de 9.000€, deberán achegarse al menos tres orzamentos de tres empresas diferentes e a xustificación da empresa elixida. Os orzamentos deberán solicitarse, e estar datados, con fecha anterior á contratación pola federación.

**Quinta.- Incorpóranse na cláusula séptima do convenio, gastos subvencionables, as seguintes modificacións:**

Apartado c).: O programa de "Tecnificación e Rendimento – Programa Rio 2016", pasa a denominarse programa de "Tecnificación e Rendimento", por estar Rio 2016 incorporado noutro programa.

Apartado d).: No programa "Grupo especial de alto rendemento – Programa Rio 2016", inclúense como gastos subvencionables os detallados a continuación:

Os gastos xustificados neste programa farán referencia ao grupo de deportistas vinculados o grupo especial alto rendemento Programa Rio 2016, comprendéndose os seguintes gastos:

- a. Persoal técnico deportivo (salarios, IRPF, Seguridade Social): Director técnico, adestradores, e outros profesionais de apoio que axuden á mellora do rendemento deportivo (fisioterapeuta, psicólogo, masaxista, nutricionista, etc).
- b. Gastos de aloxamento e manutención dos deportistas incluídos no programa: aluguer, mantemento, consumos auga, electricidade e gas.
- c. Material deportivo (non inventariable) e roupa deportiva do grupo de deportistas incluídos no programa.
- d. Gastos de desprazamento e manutención das concentracións, adestramentos e competicións.
- e. Gastos de combustible derivados dos desprazamentos relacionados coa práctica deportiva.

**Sexta.- Incorpórase na cláusula oitava do convenio, gastos non subvencionables, as seguintes alíneas:**

- g) Os premios en metálico ou obsequios a deportistas.
- h) As axudas económicas a deportistas. Poderanse excepcionar aquelas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión. Estas axudas deberán ser de igual contía para homes que para mulleres nos mesmos niveis deportivos.
- i) As axudas económicas a entidades. Poderanse excepcionar aquellas autorizadas por esta Secretaría Xeral previa solicitude e entrega por parte da federación do obxecto da axuda así como dos criterios e baremos aplicables para a súa concesión.

**Sétima.-** Incorpóranse o anexo VI coa certificación de cumprimento coa Lei 3 19/2013 de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno da federación.

## ANEXO VI

Don/Dona

Secretario/a da Federación Galega de \_\_\_\_\_

CERTIFICA:

Que segundo o establecido na Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo governo, a través da inclusión da información na web federativa, esta federación deportiva;

SI  NO

está suxeita ao establecido no artículo 3 b) da devandita lei,

recibindo durante o período do ano 2014, axudas ou subvencións públicas nunha contía superior a 100.000 euros

ou cando menos o 40% do total dos seus ingresos anuais teñan carácter de axuda ou subvención pública sempre que alcancen como mínimo a cantidade de 5.000 euros.

E para que conste, expido o presente certificado,

En \_\_\_\_\_ a \_\_\_\_\_ de \_\_\_\_\_ de 2015

O Secretario

Visto e prace,  
O Presidente

En proba de canto antecede, as partes que interveñen asinan a presente addenda no lugar e data reseñado no encabezamento.

**O secretario xeral para o O presidente da Federación  
Deporte Galega de Atletismo**

**José Ramón Lete Lasa**

**Isidoro Hornillos Baz**